

# MEMORIA ACTIVIDADES'24

Salva una vida.  
Dona médula.



**Asotrarme**



# ÍNDICE

**3**

Datos da entidade

**4**

Misión, visión e valores

**5**

Datos relevantes

**6**

Os nosos obxectivos

**7**

Información, asesoramento e apoio emocional

**9**

Sensibilización sobre doazón de medula ósea

**10**

Comunicación social

**11**

O 2024, en dez claves

**12**

Distincións e premios

**13**

Traballo en rede

**14**

Subvencións e axudas

**17**

Os retos de futuro

**18**


O noso equipo

**19**

O noso voluntariado

**20**

O 2024, en imaxes



## DATOS DA ENTIDADE

A Asociación Gallega de Personas Trasplantadas de Médula Ósea y Enfermedades Oncohematolóxicas, declarada de utilidade pública, nace no 2013 impulsada por un grupo de persoas que, dunha maneira ou doutra, pasaron por un proceso de cancro hematolóxico, coas consecuencias que diso se derivan. Máis dunha década traballando ao teu lado.

O 2024 foi un ano moi intenso, do que queremos facervos partícipes compartindo convosco algúns dos nosos momentos máis importantes.

### **CIF**

G-70370713

### **Domicilio Social**

Rúa Chile, 2-4, entrecán dereito. 15404 Ferrol (A Coruña)

### **Números de rexistro**

2013/017360: Rexistro Xeral de Asociacións Xunta de Galicia

E-6279: RUEPSS

480: Rexistro de Asociacións do Concello de Ferrol

326: Rexistro de Asociacións do Concello de Narón

452: REMAC

695: Rexistro Municipal de Asociacións de Santiago de Compostela

### **Web**

[www.asotrame.com](http://www.asotrame.com)

### **Teléfonos**

881 954 182; 698 130 684; 699 856 173

### **Correos electrónicos**

[asotrame@asotrame.com](mailto:asotrame@asotrame.com)-[proyectos@asotrame.com](mailto:proyectos@asotrame.com)

### **Redes sociais (Facebook/Instagram/LinkedIn)**

@asotrame



## MISIÓN, VISIÓN E VALORES



**MISIÓN:** Asotrame nace co obxectivo primordial de prestar apoio a persoas afectadas por un cáncer hematolóxico e ás súas familias. De igual xeito, traballamos día a día para sensibilizar e informar ao conxunto da sociedade sobre a importancia de facerse doante de medula ósea, e colaboramos economicamente na investigación contra esta enfermidade, realizando aportacións económicas anualmente a diferentes proxectos.



**VISIÓN:** Nun período de 3-5 anos, pretendemos ser a asociación de referencia a nivel autonómico na prestación de apoios e recursos a pacientes oncohematolóxicos e aos seus familiares, traballando de maneira coordinada con profesionais sanitarios, educativos, e con diversos axentes sociais de Galicia, para ter presenza alí onde unha persoa sexa diagnosticada.



**VALORES:** Os valores que nos representan como entidade son:

- Mellora continua
- Transparencia
- Traballo en rede
- Orientación ás persoas
- Igualdade de oportunidades



## DATOS RELEVANTES

O 2024 supuxo un cambio de xigante en materia de intervencións de carácter psicosocial. Tamén positiva foi a evolución do noso número de socios e de socias, con novas adhesións e, en consonancia con exercicios anteriores, continuamos gañando presenza en medios e, polo tanto, visibilidade. Aí van algunhas cifras da nosa asociación no 2024:



# 224

**PERSOAS SOCIAS**



# 32

**EMPRESAS SOCIAS  
CORPORATIVAS**



# 30

**PERSOAS  
VOLUNTARIAS**



# 6

**PROFESIONAIS  
TRABALLANDO**



# 9

**PROXECTOS  
PARA PACIENTES  
E FAMILIARES**




# 2

**VIVENDAS ESTANCIA  
TEMPORAL A CORUÑA  
E SANTIAGO**



# 705

**INTERVENCIÓN  
DE CARÁCTER  
PSICOSOCIAL**



# 175

**REFERENCIAS  
EN MEDIOS DE  
COMUNICACIÓN**




# 2

**RECOÑECEMENTOS  
OU PREMIOS**

## OS NOSOS OBJECTIVOS

En Asotrane continuamos traballando día a día para alcanzar os nosos obxectivos:

- Proporcionar información, asesoramento e apoio emocional a pacientes e familiares.
- Informar e sensibilizar sobre a doazón de medula ósea.
- Colaborar en proxectos de investigación contra o cancro.





## INFORMACIÓN, ASESORAMIENTO E APOIO EMOCIONAL

*O noso equipo técnico e o noso grupo de voluntariado -con formación específica e integrado na súa maioría por expacientes- ofrece atención a pacientes e familiares a través de diferentes proxectos e servizos cos que garantir o necesario acompañamento.*

### ➤ **ATENCIÓN PSICOSOCIAL**

O noso equipo realizou 705 atencións este ano en diferentes cidades da Comunidade Autónoma, tanto presenciais como en liña. Unha cifra significativa que supuxo un notable incremento das atencións, pasando das 434 no 2023 a máis de 700 no 2024.

### ➤ **APOIO ENTRE IGUAIS**

Asotrame impulsou 39 encontros en liña e presenciais de frecuencia semanal, con 6 participantes de media, nos que os pacientes en diferentes fases do seu proceso oncohematolóxico compartiron experiencias.

### ➤ **CLUB DE LECTURA**

Realizamos 6 encontros durante o 2024, cunha media de 7 asistentes por sesión. Con formato en liña, serviu de punto de reflexión e intercambio de emocións vencelladas ao cáncer cos libros como escusa.

### ➤ **ONCOIOGA**

Impulsamos sesións semanais, coa excepción do mes de agosto. Unha terapia adaptada aos diferentes estadios da enfermidade, guiada por unha especialista na materia e cunha participación media de 12 persoas por sesión.

### ➤ **FALEMOS DE HEMATOLOXÍA**

Celebramos 6 encontros en liña e 1 podcast nos que pacientes e familiares resolveron as súas dúbidas sobre a enfermidade, nun diálogo informal con diferentes especialistas da nutrición, da farmacia, do traballo social, da hematoloxía...



## INFORMACIÓN, ASESORAMIENTO E APOIO EMOCIONAL

### > **COMO NA CASA, VIVENDAS DE ESTANCIA TEMPORAL**

10 familias contaron con este recurso ao longo do 2024.

### > **TRAS AS PEGADAS DO CANCRO**

A través de diferentes formatos en liña, como entradas no noso blog, podcast ou vídeos, abordamos temas claves para pacientes e familias en ámbitos diversos como o legal ou o sanitario, tales como o testamento vital ou prácticas de exercicio físico.

### > **LUCES DE CORES**

Un ano máis, hospitais galegos albergaron as exposicións de tarxetas de Nadal realizadas por todo tipo de entidades, centros educativos, clubs deportivos... preto de 500 tarxetas, que se entregaron a pacientes en ingreso hospitalario e aos seus familiares.

### > **GUÍAS INFORMATIVAS**

Co obxectivo de informar a pacientes e familiares dos aspectos máis relevantes a ter en conta durante o proceso oncohematolóxico, elaboramos varias guías informativas para pacientes de cancro do sangue e as súas familias: "Guía de apoio psicoemocional en enfermidades oncohematolóxicas", "Guía de discapacidade, dependencia e incapacidade" e unha "Guía para deixar de fumar".



## **SENSIBILIZACIÓN SOBRE DOAZÓN DE MEDULA ÓSEA**

### **> REFLEXOS DE VIDA**

Asotrume ofreceu sete charlas en centros educativos de Primaria, Secundaria, Bacharelato e FP, nas que participaron 490 estudantes. Tamén levou a súa mensaxe sobre a doazón de medula a facultades universitarias do ámbito sanitario e psicosocial, como Traballo Social, Terapia Ocupacional ou Enfermería (153 alumnos e alumnas). Desenvolveu charlas abertas á cidadanía en Ames, Lalín, Melide e Narón, dúas en entidades do terceiro sector (Aspaneps e Fundación ONCE) e unha nunha empresa. En suma: 17 charlas, a maioría con testemuñas de superviventes, que chegaron a 737 persoas.

### **> MESAS INFORMATIVAS**

No 2024 realizamos unha decena de mesas informativas en hospitais galegos, atendidas por voluntariado e polo equipo técnico. Informamos dos nosos servizos e da doazón de medula en Vigo, na Coruña, en Santiago, en Lugo e máis en Ferrol.


### **> EVENTOS**

Impulsamos en Santiago a xornada “O cáncer hematolóxico dende dentro, experiencias compartidas” e ofrecemos información en cinco eventos deportivos.



## COMUNICACIÓN SOCIAL

Asotrame conta cun gabinete de comunicación propio que, grazas ao seu traballo diario, deu visibilidade aos servizos e proxectos da asociación a través dos medios de comunicación e das redes sociais. Estas son algunhas das súas cifras:



- 175 referencias nos medios de comunicación do ámbito territorial de Galicia (prensa escrita, radio e televisión, ademais de revistas especializadas, axencias de noticias ou páxinas institucionais do ámbito da administración pública e da empresa privada)



- N° de publicacións: 200 publicacións en diferentes formatos (fotos, vídeos, ligazóns...)+273 stories (358 en total)
- Reaccións: 10.424. Aumentan un 25,9% .
- Alcance: 69,1 mil (aumenta un 15,4 %)
- Visualizacións: 129.000
- Novos seguidores: 207



- N° de publicacións: 329 (fronte ás 295 do 2023). N° de stories: 273 (fronte ás 174 do 2023)
- Reaccións: 4.978 (incremento do 100%)
- Alcance: 52,5 mil (incremento do 236%)
- Visualizacións: 180,6 mil
- Novos seguidores: 237



## **O 2024, EN DEZ CLAVES**

- **Ampliamos cadro de persoal, incorporando a unha psicóloga e a unha educadora social en Ferrol.**
- **Estreamos presenza no Hospital Lucus Augusti e no Hospital Álvaro Cunqueiro.**
- **Incorporámonos aos consellos asesores de pacientes da Área Sanitaria de Vigo e do Hospital Ribera Juan Cardona, en Ferrol.**
- **Organizamos a xornada divulgativa “O cancro hematolóxico dende dentro: experiencias compartidas”.**
- **Impulsamos novos proxectos centrados no impacto do cancro hematolóxico: Tras as pegadas do cancro e deterioro cognitivo inducido.**
- **Logramos aliados no ámbito deportivo para concienciar sobre a doazón de medula: Racing de Ferrol e o piloto Adrián Insua.**
- **Estreamos nova web corporativa.**
- **Fomos finalistas na categoría de mellor “Traxectoria institucional” dos Premios GEPAC.**
- **Sumamos apoios institucionais: Deputación de Pontevedra e os concellos da Coruña e de Ames.**
- **Participamos en novas accións benéficas: Festival dos Asubiños e a Carreira de Papá Noel.**



## **DISTINCIONES E PREMIOS**

### 12 PREMIOS GEPAC

Asotrume foi finalista na categoría de mellor “Traxectoria institucional” na 12ª edición dos Premios GEPAC (Grupo Español de Pacientes con Cáncer). Uns galardóns que, nesta categoría, recoñecen o esforzo que realizan entidades ou administracións por mellorar a calidade de vida dos pacientes con cáncer e dos seus familiares. O galardón foi parar á asociación irmá Asleuval, correspondéndonos un diploma acreditativo.



Recibimos o Premio Solidario concedido polo Hotel Oca Puerta del Camino no transcurso da súa Gala 25º Aniversario. Compartimos galardón con destacadas personalidades e institucións de diferentes ámbitos como a investigación (Ángel Carracedo, Catedrático de Medicina Legal da USC e director da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica); xornalismo (María Méndez, presidenta da Asociación de Xornalistas de Galicia), innovación (Fernando Suárez, presidente do Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia), gastronomía (Elena Carneiro, tesoureira de ACEGA), e deporte (Moncho Fernández, adestrador de baloncesto).



## TRABALLO EN REDE

Na súa aposta polo traballo en rede e pola creación de sinerxias, Asotrume forma parte das seguintes plataformas e entidades:



**AELCLÉS.** A Agrupación de Asociaciones de Lucha Contra la Leucemia y Enfermedades de la Sangre, de ámbito nacional, nace no ano 1994, permitindo alcanzar grandes fitos na mellora da calidade de vida de pacientes.



**GEPAC.** O Grupo Español de Pacientes con Cáncer é unha organización independente sen ánimo de lucro composta por 70 asociacións de pacientes, 22 membros corporativos e 10 divisións propias. Esta alianza permítenos compartir recursos e experiencias, ademais de ter unha soa voz ante os diferentes axentes sociais e sistemas de saúde.



**COCEMFE.** A Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica está composta por 91 entidades estatais, autonómicas e locais, que á súa vez agrupan a máis de 1.600 asociacións locais en todo o país. Fundada no 1980, aglutina, fortalece e coordina os esforzos e actividades das entidades que traballan a prol das persoas con discapacidade física e orgánica.



**COGAMI.** A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade nace no ano 1990, co obxectivo de conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade.



## SUBVENCIONES E AXUDAS

Por outra banda, ao longo do ano mantivemos convenios e colaboracións con diferentes administracións e entidades.

### FERROL

O apoio do **Concello de Ferrol** contribuíu a dar continuidade ao noso Espazo de atención en Ferrol.



A axuda económica do **Concello de Narón** permitiu desenvolver o programa "Asotrame é saúde: ioga para pacientes e para expacientes oncolóxicos e os seus familiares".




A colaboración do **Concello de Ames** facilitounos afondar no noso labor de sensibilización a través da realización de charlas en centros educativos e sociais.



A colaboración da **Deputación da Coruña** permitiunos desenvolver o noso programa de sensibilización Reflexos de vida.



O apoio de **Deputación de Pontevedra** foi clave para desenvolver a nosa atención psicosocial na provincia de Pontevedra a través do programa Acompañamento integral para pacientes con cancro hematolóxico e as súas familias.



**Xunta de Galicia, Concello de A Coruña, COGAMI e Fundación ONCE**, dentro do Plan de Prioridades **COCEMFE**, puxeron o seu gran de area para poder soste o programa Como na casa, con dúas vivendas de estancia temporal, situadas nas proximidades dos hospitais da Coruña e de Santiago.

## SUBVENCIONES E AXUDAS



**COGAMI** colaborou ademais con Asotrime a través de diferentes liñas de actuación: grazas ao Proxecto de mellora da infraestrutura do servizo de atención a pacientes podemos mellorar o equipamento da oficina, e grazas aos convenios coas consellerías de Política Social e Sanidade recibimos financiamento para o programa Apoio entre iguais e para os nosos servizos de Apoio, asesoramento e información a persoas con enfermidade crónica, respectivamente.



A **Consellería de Política Social** fomentou a formación e os espazos de reunión co voluntariado de Asotrime, facendo posible tamén a formación do voluntariado da entidade.



O WeddingPack Solidario Cásate no Camiño de **Itics** permite recadar fondos para proxectos que se levan a cabo con pacientes nos hospitais. No 2024, a aportación foi de 1.700 €.



**Fundación "la Caixa"** brindounos a posibilidade de reforzar o noso Espazo de Atención Psicosocial na cidade de Ferrol.



Grazas ao financiamento de **Roche** e de **Pfizer**, desenvolvéronse as sesións e os podcasts de "Falemos de Hematoloxía", onde diferentes profesionais resolveron as dúbidas de pacientes e de expacientes.



Grazas á axuda de **Lilly** e de **Abbvie** podemos editar novas guías centradas en diversos temas como incapacidade, discapacidade e dependencia, apoio emocional ou hábitos saudables.

## SUBVENCIONES E AXUDAS

### Johnson&Johnson

O apoio da multinacional farmacéutica **Johnson & Johnson** resultou decisivo para a posta en marcha dos nosos obradoiros de deterioro cognitivo inducido polo cancro.

**Johnson&Johnson**  **Improven**   

A suma de vontades das firmas **Johnson & Johnson, Pfizer, Hotel Oca Puerta del Camino, Improven, Lilly, Lau creaciones, Roche, Cunias** permitiunos celebrar no 2024 o evento "O cancro hematolóxico dende dentro: Experiencias compartidas".



A **Fundación Misael Prieto**, vencellada á Cooperativa de Meirás, realizou no 2024 unha nova doazón, nesta ocasión, unha cámara de fotos que amplía os nosos medios técnicos.



O **II Festival Benéfico Asubiños**, celebrado en datas próximas ao Nadal, en Cospeito, recadou 3.750 euros para contribuir ao noso labor a prol pacientes e das súas familias.



NOKAO, Centro Comercial As Cancelas, Concello de Santiago e Oca Hotels impulsaron a **Carreira de Papá Noel en Santiago**, a beneficio de Asotrarme, que permitiu dirixir 1.070 euros aos nosos servizos para mellorar a calidade de vida dos pacientes de cancro hematolóxico.

Este ano incorporouse como empresa socia corporativa:






## OS RETOS DE FUTURO

Os retos de futuro veñen marcados pola dixitalización da entidade e a expansión a todo o territorio galego, para o que precisamos seguir traballando ao redor destes eixos:

- Mantemento da profesionalización da entidade, que repercutirá nunha mellor atención a pacientes con cancro e ás súas familias.
- Expansión do traballo da asociación ao resto de puntos da xeografía galega, podendo chegar cada vez a un maior número de persoas.
- Continuar incrementando a nosa presenza en hospitais galegos.
- Converterse en referente de entidades socio sanitarias que traballan con pacientes con cancro e coas súas familias.



## O NOSO EQUIPO DIRECTIVO



Cristina Piñeiro  
*Presidenta*



Mario Álvarez  
*Vicepresidente*




Alejandro Rodríguez  
*Tesoureiro*



Teresa Rodríguez  
*Secretaria*



Jessica Rodríguez  
*Vogal*



## O NOSO EQUIPO TÉCNICO



David Vivar  
*Ex-coordinador*



María Filgueira  
*Coordinadora*



Isabel García  
*Psicóloga*



Alba García  
*Traballadora social*



Olaya Fernández  
*Administrativa*




Ivana Iglesias  
*Psicóloga*





Raquel Pichel  
*Educadora social*



Ana Freire  
*Monitora Oncoíoga*



# O NOSO VOLUNTARIADO



# 2024, EN IMAXES



Xornada “O cancro hematolóxico dende dentro: experiencias compartidas”, que organizamos en Santiago.




Primeiro día de atención presencial no Hospital Álvaro Cunqueiro (Vigo) e no Hospital Lucus Augusti (Lugo).



Entramos a formar parte dos “consellos asesores de pacientes” do Ribera Juan Cardona e do CHUVI.

**2024, EN IMAXES**



Estreamos punto de atención emocional en Ferrol.



Multiplicamos as intervencións psicosociais.



Asotrume foi recoñecida polo Hotel Oca Puerta del Camino e foi finalista nos Premios GEPAC.




O Racing de Ferrol e o piloto Adrián Insua deron visibilidade á nosa mensaxe: "Doa medula, doa vida".



**2024, EN IMAXES**



A Consellería de Educación puxo en valor o labor divulgativo de Asotr... nas aulas.



Colaboracións coa Axencia de Doazón de Órganos e Sanguue.

# 2024, EN IMAXES



Contamos con mesa informativa nun dos partidos do Obradoiro e no X Torneo Canteiras Diego Montes.



A maiores do WeddingPack solidario Cásate no Camiño, outros eventos como o Festival dos Asubións e a Carreira de Papá Noel (sobre estas liñas) aportaron o seu gran de area para apoiar o noso traballo.

Houbo máis. Foi o caso do ExpOtake A Coruña, ao que acudimos da man da Legión 501 Galicia Squad; "A fruta máxica" ou a marcha solidaria da Capela.

